

## 3ª AVALIACIÓN

### Criterios a ter en conta:

- Entrega semanal das tarefas propostas.
- Realización das tarefas responsablemente, demostrando traballo e esforzo persoal e amosando interese por mellorar e corrixir aqueles aspectos que sexan necesarios para chegar aos coñecementos imprescindibles.
- Corrección na execución das actividades. Non se valorará tanto a perfección na realización das tarefas como o nivel de implicación dos alumnos nas mesmas, a súa actitude, interese e compromiso pola aprendizaxe e propósito de mellora na materia.

### Cualificación Final:

A nota do terceiro trimestre será o resultado da media da cualificación obtida na 1ª e na 2ª avaliación máis ata un **MÁXIMO de 1,5 PUNTOS**, que se acadarán da valoración dos criterios anteriormente mencionados.

Todo o alumnado con nota menor ou igual a 3 nas anteriores avaliacións que estea a participar e traballar de forma activa, responsable e autónoma durante o 3º trimestre do curso 2019/20, facendo tanto as actividades semanais xerais como as específicas para reforzo dos contidos traballados nas anteriores avaliacións, e que acade a máxima valoración no 3º trimestre (+ 1'5) terá como nota final 5.

## **Cualificación Final en 2º Bacharelato:**

A nota do terceiro trimestre será o resultado da media da cualificación obtida na 1ª e na 2ª avaliación máis ata un **MÁXIMO de 1,5 PUNTOS**, que se acadarán da valoración dos criterios anteriormente mencionados.

Todo o alumnado de este nivel con nota menor ou igual a 4 nas anteriores avaliacións, terán que ter feitas todas as actividades ao aula virtual durante o 3º trimestre do curso 2019-2020. Asimesmo realizarán unha proba escrita presencial ou telemática na primeira semana do mes de xuño. Esta proba, para a que dispondrán dun tempo máximo de dúas horas, consistirá nun exercicio de transformacións e un texto abau seguindo as instrucións dadas pola ciug para este curso.

- A entrega de todas as actividades da aula virtual terá un peso dun 60% do total da nota final.
- A proba abau e o exercicio de transformacións suporá un 40% da nota total.
- A nota final non será superior a 5.